

Premios extraordinarios de Educación Secundaria Obrigatoria

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convoca os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2017/18.

A finalidade destes premios é dar recoñecemento público ao esforzo e dedicación do alumnado desta etapa educativa. Poderanse conceder ata un máximo de 20 premios.

Inscripcións: do 7 de xuño ao 6 de xullo de 2018

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado disponible na sede electrónica da Xunta de Galicia (procedemento ED311D). Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común

Requisitos:

- Ter cursado durante o ano académico 2017/18 cuarto curso de educación secundaria obrigatoria no réxime ordinario en calquera dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Estar proposto polo equipo docente para a expedición do título de graduado en ESO.
- Ter obtido no conxunto dos catro cursos de educación secundaria obrigatoria unha nota media igual ou superior a 9,00 puntos.

Dotación: 750 € por premio.

O alumnado que obteña o premio recibirá ademais un diploma acreditativo e o/a secretario/a do centro educativo onde estea depositado o expediente académico anotaralle nel a distinción.

Máis información:

Departamento de Orientación

Web: www.edu.xunta.es

Publicación: DOG 11/05/2018

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

San Caetano, s/n, bloque 2, 1º andar.

15781 - Santiago de Compostela

Tel.: 981 540 205 / 981 546 527